

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, membros do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á cobertura de todas as baixas por maternidade e paternidade na administración pública galega.

A Xunta de Galicia non cubre os postos vacantes que se producen na administración autonómica, en particular nos servizos centrais onde a cobertura temporal dos postos de traballo xa constitúe un fito excepcional. O goberno do paro, a precariedade, a feminización da pobreza, a regresión demográfica e o exilio económico da xente moza; o goberno comprensivo coas denuncias por acoso sexual ao presidente da deputación de Ourense; ese goberno que xibariza a administración pública nen sequera cubre as baixas por maternidade e paternidade.

O sindicalismo de clase galego vén reiterando a esixencia da cobertura, con carácter xeral das baixas por incapacidade temporal por motivos de conciliación da vida familiar e laboral: así as derivadas da maternidade, paternidade, adopción, acollemento, redución por garda legal, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.

Nun país en regresión demográfica, cun goberno publicitando unha sedicente recuperación económica, a práctica estendida de non cobertura temporal das baixas semella a pedra de toque acerca da orde de prioridades da actual Xunta de Galicia en mans do PP.

A cobertura temporal das baixas non está garantida por normativa e queda ao albur da sensibilidade de cada departamento e da cancela da estabilidade orzamentaria que serve como comodín para denegar todos os dereitos das traballadoras e traballadores públicos. Mais cando a cobertura desas baixas non supón gasto adicional ao quedar cuberta coa achega da Seguridade Social ou mutualidade correspondente.

A sobrecarga de traballo que se deriva da non cobertura das baixas (das que teñen que ver coa conciliación e das demais) repercute na calidade dos servizos públicos prestados e desvela o nulo compromiso da Xunta coas políticas públicas de igualdade e, en xeral, cos dereitos da clase traballadora.

Por todo elo, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla a Xunta de Galicia adoptar o compromiso de cobertura de todas as incapacidades temporais vinculadas á conciliación da vida laboral e familiar?

En Compostela, a 24 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/11/2015 16:20:51

Yolanda Díaz Pérez na data 24/11/2015 16:20:54